



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

Asunto: Prórroga do orzamento do 2024 para o 2025

Expediente: 2025/X998/000003

M^a Teresa Villaverde Pais, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21.1.f) da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigo 21 do RD 500/1990, do 20 de abril.

Sendo que o Orzamento definitivo para o exercicio 2025 non entrou en vigor o 01.01.2025, xa que aínda se atopa en fase de formación.

Visto que os artigos 169.6 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais e o artigo 21 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril establecen que neste caso, o orzamento do exercicio anterior quedará automaticamente prorrogado nos seus créditos iniciais, salvo as excepcións previstas, que son as seguintes:

- Os créditos de gastos destinados a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior .
- Os créditos de gastos que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados que, exclusivamente, foran a percibirse en dito exercicio.

Vista a Memoria desta Alcaldía explicativa dos axustes á baixa a realizar no Estado de Gastos e de Ingresos do Orzamento prorrogado de 2024 para 2025 de data de 08/01/2025.

Vistos os informe da Secretaría-Intervención núm. 1 e 2 do 08/01/2025, relativos ao expediente da prórroga orzamentaria, así como á avaliación dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, previstos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar a prórroga do orzamento do Concello de Lousame do exercicio 2024 para o ano 2025, integrado polos estados de gastos e ingresos aprobados para o exercicio 2024 e cos axustes á baixa no estado de gastos e ingresos que se relacionan de seguido, así como a prórroga igualmente automática das bases de execución, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2025:

Axustes no Estado de Gastos:

CI orzamento 2024		Axustes á baixa		CI orzamento prorrogado	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	1.353.258,62	1		1	1.353.258,62
2	1.412.924,69	2	33.626,42	2	1.379.298,27
3	11.650,00	3	4.000,00	3	7.650,00
4	241.615,00	4	40.000,00	4	201.615,00
5	0,00	5		5	0,00
6	719.359,66	6	719.359,66	6	0,00
7	0,00	7		7	0,00
8	0,00	8		8	0,00
9	49.329,76	9	14.185,26	9	35.144,50
	3.788.137,73		811.171,3		2.976.966,3





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4

9

Axustes no Estado de Ingresos:

PI orzamento 2024		Axustes á baixa		PI orzamento prorrogado	
Capítulo	Importe	Capítulo	Importe	Capítulo	Importe
1	600.500,00	1		1	600.500,00
2	45.000,00	2		2	45.000,00
3	472.740,48	3		3	472.740,48
4	2.009.971,53	4	26.268,75	4	1.983.702,78
5	2.200,00	5		5	2.200,00
6	0,00	6		6	0,00
7	613.727,94	7	613.727,94	7	0,00
8	0,00	8		8	0,00
9	43.997,78	9	43.997,78	9	0,00
	3.788.137,73		683.994,47		3.104.143,26

O Orzamento prorrogado para o exercicio 2025 quedaría como segue:

ESTADO DE INGRESOS ORZAMENTO PRORROGADO 2025		ESTADO DE GASTOS ORZAMENTO PRORROGADO 2025	
CAPÍTULO	PREVISIÓNS INICIAIS	CAPÍTULO	CRÉDITOS INICIAIS
1	600.500,00	1	1.353.258,62
2	45.000,00	2	1.379.298,27
3	472.740,48	3	7.650,00
4	1.983.702,78	4	201.615,00
5	2.200,00	5	0,00
6	0,00	6	0,00
7	0,00	7	0,00
8	0,00	8	0,00
9	0,00	9	35.144,50
TOTAL	3.104.143,26	TOTAL	2.976.966,39

Segundo: En tanto non se aproben definitivamente os Orzamentos Xerais para o exercicio 2025, o Orzamento prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións orzamentarias previstas no RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, de acordo co disposto no artigo 21 RD 500/1990, do 20 de abril.

Terceiro: Dar conta da presente resolución á Intervención, Tesourería e Departamento contable así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).

